

**Axuda/Subvención:** 20 bolsas para deportistas da provincia para o ano 2010

**Organismo:** Deputación Provincial da Coruña

**Grupos segundo a idade dos aspirantes a bolsa:**

Grupo A.- 14-17 anos cumpridos antes do 31 de decembro do 2010. Concederanse 10 bolsas de 2.000 € cada unha delas.

Grupo B.- 18-21 anos cumpridos antes do 31 de decembro de 2010. Concederanse 10 bolsas de 3.000 € cada unha delas.

**Requisitos dos solicitantes:** Poderán participar nesta convocatoria os deportistas residentes na provincia que reúnan os seguintes requisitos:

- Os deportes practicados polos deportistas aspirantes a beca deberán pertencer a un dos deportes olímpicos e disciplinas asociadas, tanto de verán como de inverno, incluídos no programa oficial nos últimos Xogos Olímpicos. Excepcionalmente admitiranse outros deportes que se poideran integrar nos seguintes Xogos Olímpicos e que estén aprobados polo Comité Olímpico Internacional.
- Acreditar a residencia en calquera concello da provincia da Coruña, mediante a presentación do correspondente certificado de empadramento, cunha antigüidade de, polo menos, catro anos antes da data da convocatoria.
- Ter entre os catorce e os vinte e un anos cumpridos con data límite do 31 de decembro de 2010.
- Dispoñer de licenza deportiva vixente no momento da convocatoria expedida pola Federación deportiva correspondente.
- Acreditar nivel deportivo na modalidade practicada e ter proxección nas previsións de futuro.

**Presentación de solicitudes:** As solicitudes presentaranse no modelo normalizado que pode obterse no Rexistro Xeral da Deputación ou na páxina [www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es)

A solicitude e resto de documentación requerida deberá presentarse no Rexistro Xeral desta Deputación ata o día 31 de marzo de 2010.

**Publicación:** BOP nº 45, 9 de marzo de 2010

**Máis Información (Anexos):**

[http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2010/03/09/bop\\_45.pdf#page=71](http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2010/03/09/bop_45.pdf#page=71)

Deputación da Coruña: Alférez Provisional nº 2, 15006 A Coruña. Tfno: 981 080300